

## PROGRAMA DE CONVIVENCIA INTERXERACIONAL

estudantes universitarios-persoas maiores<sup>(\*)</sup>

PROGRAMA



comparte



**comparte a túa solidariedade  
mentres estudas**

**comparte a túa xenerosidade  
e enche de vida a túa casa**

(\*) Estudiantes universitarios matriculados no Campus de Ferrol, menores de 30 anos, non residentes en Ferrol e labores sociais maiores de 60 anos, que vivan solos e sen familiares por vección, en situación de vivenda

Concello de Ferrol, Área de Benestar, Igualdade e Xuventude  
Edificio Social, Rúa Sánchez Barcátegui, 35-47 / 15402 Ferrol  
Tel. 981 944231 / 981 944230 (ext.432). Fax. 981 944 237.  
elopez@ferrol.es

Servizo de Estudantes - Campus de Esteiro  
Edificio de Apoio ao Estudo, planta baixa, Avda. de Vigo, s/n. 15403 Ferrol  
Tel. 981 337 451 / 981 337400 (ext. 3650). Fax. 981 337 417  
sopefer@usc.es

**FERROL**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## PROGRAMA COMPARTE

Este programa xurde do convenio de colaboración entre o Concello de Ferrol e a Universidade da Coruña (campus de Ferrol) para a posta en marcha do Programa de aloxamento compartido interxeracional, “Programa Comparte” con data 20/09/2013.

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento do programa que consiste basicamente nun programa interxeracional de aloxamento compartido entre persoas maiores e estudantes universitarios residentes no concello de Ferrol.

Os fins deste programa son os seguintes:

1. Promover e facilitar relación solidarias e de axuda mutua entre dúas xeracións.
2. Propoñer medidas alternativas para afrontar o problema da soidade apoiando o envellecemento activo no entorno habitual.
3. Facilitar aos/ás estudantes alternativas de aloxamento favorecendo o intercambio de experiencias entre xeracións.

Este programa pretende ser unha iniciativa interxeracional solidaria á procura da convivencia de persoas maiores e estudantes matriculados nas titulacións oficiais do campus de Ferrol.

Trátase dun programa de vivenda compartida en que a persoa maior ofrece ao/á estudante aloxamento no seu domicilio, mentres que este/a axuda e apoia á persoa maior nas tarefas e obrigas que ambos decidan.

O programa Comparte está dirixido ás persoas xubiladas maiores de 60 anos e menores de 85 anos que vivan soas e aos/ás estudantes maiores de 18 anos e menores de 35 anos matriculados/as nas titulacións oficiais do campus de Ferrol.

As persoas maiores participantes neste programa disporán dos descontos que teñen os membros da universidade nas actividades de extensión universitaria que teñan lugar no campus de Ferrol.

## **CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA**

O acordo pretende ter unha duración dun curso académico coa posibilidade de prorrogalo cada curso ata que o/a estudante remate os seus estudos e sempre que estea vixente o convenio de colaboración entre o Concello de Ferrol e a Universidade da Coruña (campus de Ferrol).

**O período de proba de convivencia será dun mes.**

### **1. REQUISITOS DE ADMISIÓN**

#### **Para a persoa maior:**

- ser maior de 60 anos e menor de 85 anos no momento de asinar o documento privado.
- estar xubilado/a.
- ter un estado psicofísico que lle permita valerse por se mesmo/a.
- non necesitar unha atención especializada.
- non ser portador de enfermidades infecto-contaxiosas nin presentar ningún tipo de adición. Ter ausencia de grave trastorno de conducta e ter un grao de autonomía suficiente para as actividades diarias.
- vivir só/a.
- preferiblemente con familiares cercanos.
- ser titular ou usufrutuário/a da vivenda.
- dispoñer dunha vivenda en Ferrol en condicións de habitabilidade, hixiene e espazos comúns.
- contar cunha habitación habilitada para o/a estudante con todo o necesario para a realización das súas tarefas cotiás.
- estar disposto/a a compartir a súa vivenda con outra persoa.
- asumir os compromisos que se acorden no réxime da convivencia e aceptar as condicións do programa.

#### **• Para o/a estudante:**

- ser maior de 18 anos e menor de 35 anos no momento de formalizar a súa matrícula na universidade.
- estar matriculado/a nunha titulación universitaria oficial de grao, mestrado ou doutoramento na Universidade da Coruña do campus de Ferrol.
- ser residente de fóra de Ferrol.
- non ser portador de enfermidades infecto-contaxiosas. Ter ausencia de grave trastorno de conducta e ter un grao de autonomía suficiente para as actividades diarias.
- contar coa sensibilidade e motivación para convivir cunha persoa maior.
- dispoñibilidade dunhas horas ao día para facer compañía á persoa maior.
- adaptar os hábitos e o estilo de vida á convivencia cunha persoa maior
- asumir os compromisos que se acorden no réxime da convivencia e aceptar as condicións do programa.

## 2. DOCUMENTACIÓN PARA ENTREGAR:

- Para a persoa maior:
  - solicitude en modelo normalizado
  - fotocopia do DOI (documento oficial de identidade)
  - fotografía tamaño carné
  - informe médico segundo os requisitos de admisión para este programa
  - certificado de empadramento de Ferrol
  - xustificante de ser titular ou usufrutuário/a da vivenda
  - xustificación económica e documental a nivel de renda da unidade familiar (certificado da Axencia Tributaria do último ano fiscal)
  - autorización para que a administración municipal realice as verificacións oportunas acerca da veracidade dos datos perante á administración autonómica e local.
  
- Para o/a estudante:
  - solicitude en modelo normalizado
  - fotocopia do DOI (documento oficial de identidade)
  - fotografía tamaño carné
  - fotocopia da matrícula
  - certificado de empadramento
  - certificación académica detallada na que consten as cualificacións obtidas, as datas de obtención e o número de convocatorias investidas en cada materia, que os estudantes poden imprimir desde a secretaría virtual.
  - xustificación económica e documental a nivel de renda da unidade familiar (certificado da Axencia Tributaria do último ano fiscal)
  - informe médico segundo os requisitos de admisión para este programa
  - breve currículo vitae (opcional)

### **3. OBRIGACIÓNS DOS PARTICIPANTES:**

#### **COMPROMISOS DO ESTUDANTE**

- O/a estudante non aportará ningunha cantidade en concepto de aluguer.
- Deberá aportar como máximo 30 euros en concepto dos gastos correntes da vivenda (gas, calefacción, auga e electricidade).
- Cuidar das dependencias da vivenda e respectar a intimidade da persoa maior.
- Facer uso adecuado da chave da vivenda.
- Facerse cargo da limpeza e mantemento da súa habitación e colaborar nas dependencias comúns.
- Compartir o día a día coa persoa maior nos tempos acordados.
- Hora máxima de chegada do estudante á vivenda será acordada entre ambas as dúas partes no documento privado.
- Facerse cargo da limpeza do baño e cociña despois do seu uso.
- Facerse cargo de comprar os seus alimentos para facer a súa comida.
- Facerse cargo de todos os seus gastos persoais.
- Non está permitido facer chamadas desde o teléfono da casa.
- Respectar os dereitos fundamentais constitucionais
- As específicas que se acorden por ambas as dúas partes.

#### **COMPROMISOS DA PERSOA ACOLLEDORA**

- Entregar as chaves do domicilio ao/á estudante desde o primeiro día da convivencia.
- Permitir ao/á estudante o uso das habitacións e equipamentos comúns.
- A habitación do/a estudante é para o seu uso persoal e queda reservada para a súa intimidade.
- O dormitorio do estudante deber estar equipado adecuadamente con cama, armario, mesa y luz necesaria para o seu estudo.
- Deixar un espazo na lacena da cociña e neveira, para que o/a estudante poda deixar os seus alimentos.
- Permitir o uso da cociña e dos seus utensilios.
- Permitir ao/a estudante a ducha diaria.
- Permitir estudar de noite.
- Facer uso dos electrodomésticos segundo o acordo privado das partes.
- Se non hai calefacción central, o/a estudante debe ter unha estufa na súa habitación.
- Respectar os dereitos fundamentais constitucionais
- As específicas que se acorden por ambas as dúas partes.

<b>PROGRAMA COMPARTE</b>	
<b>EN QUE CONSISTE?</b>	<p>Conxuntamente a Universidade da Coruña (campus de Ferrol) e o Concello de Ferrol puxeron en marcha o programa "Comparte".</p> <p>Os seus obxectivos son sociais e solidarios xa que pretenden dar resposta, tanto as necesidades de compañía e apoio das persoas maiores, como ás necesidades de aloxamento dos estudantes universitarios.</p>
<b>QUEN PODE PARTICIPAR?</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• As persoas xubiladas maiores de 60 anos e menores de 85 anos que vivan soas e sexan autónomas por se mesmas.</li> <li>• Os/as estudantes universitarios/as matriculados/as nunha titulación universitaria do campus de Ferrol tanto nun grao, mestrado ou doutoramento maiores de 18 anos e menores de 35 anos que non sexan residentes en Ferrol.</li> </ul>
<b>COMO PARTICIPAR?</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>ESTUDANTES:</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Universitarios/as matriculados/as en titulacións oficiais da Universidade da Coruña do campus de Ferrol.</li> <li>○ Terase en conta a situación persoal, económica e académica do alumnado.</li> <li>○ Terase en conta a distancia desde a residencia habitual.</li> <li>○ Valorarase a motivación, hábitos e estilo de vida, dispoñibilidade e as contraprestacións que estea disposto/a a ofrecer.</li> <li>○ As persoas preseleccionadas serán entrevistadas.</li> </ul> </li> <li>• <u>PERSOAS ACOLLEDORAS:</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Deberán dispoñer dunha vivenda coas adecuadas condicións de habitabilidade e con posibilidade de aloxar ao/á estudante.</li> <li>○ Terase en conta a situación persoal, o estado de saúde, o estado da vivenda, as motivacións, os hábitos e estilo de vida.</li> <li>○ As persoas preseleccionadas serán entrevistadas e posteriormente realizarase unha visita ao seu domicilio.</li> </ul> </li> </ul>
<b>COMO SE SOLICITA?</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• As solicitudes segundo o modelo normalizado que deberá presentarse na unidade administrativa seguintes: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Rexistro único municipal do concello (Edificio de concello, praza de Armas, s/n) se es unha persoa maior</li> <li>○ Rexistro auxiliar de Estudantes do Campus de Ferrol se es un/unha estudante (Edificio de Apoio ao Estudo, avda. Vigo, s/n).</li> </ul> </li> </ul>
<b>CANDO SE SOLICITA?</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Durante todo o ano, priorizándose a data de recepción das solicitudes e segundo os criterios de selección.</li> </ul>
<b>COMO É A SELECCIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Unha vez recibidas as solicitudes dos/as estudantes e das persoas maiores a comisión de constitución, valoración, resolución e seguimento do programa porase en contacto cos solicitantes.</li> <li>• A convivencia iníciase cun acordo dun mes de proba.</li> <li>• No acordo/contrato privado que ambos asinen indícase as prestacións comprometidas por cada unha das partes por escrito.</li> <li>• Durante a convivencia, realizarase un seguimento pola comisión.</li> </ul>